

Axudas para a Consolidación e a Estruturación de unidades de investigación competitivas e outras accións de fomento nas universidades do Sistema universitario de Galicia

Convocatoria 2025

DATOS XERAIS	
Texto da convocatoria	ENLACE A CONVOCATORIA ENLACE A EXTRACTO CONVOCATORIA
Data fin presentación solicitudes	24 de febreiro de 2025
Período de cómputo	01 de xaneiro de 2022 ata 31 de decembro de 2024
Descrición xeral	Axudas para consolidar, estruturar e especializar as unidades de investigación máis competitivas do Sistema galego de I+D+i mediante as seguintes modalidades: • Modalidade A: Grupos de referencia competitiva (GRC). • Modalidade B: Grupos con potencial de crecemento (GPC). • Modalidade C: Proxectos de persoal investigador con traxectoria excelente.
Novidades desta convocatoria (con respecto á convocatoria de 2024)	• No artigo 4 Requisitos, indica que: <i>Non se poderá solicitar unha axuda das modalidades A ou B para un grupo de investigación que teña vixente outra axuda de calquera destas modalidades.</i> <i>Cada investigador/a poderá formar parte da composición dun único grupo das modalidades A ou B desta convocatoria.</i> <i>Cada investigador/a poderá liderar ou formar parte do equipo dun único proxecto de excelencia da modalidade C desta convocatoria.</i> <i>O persoal investigador que figure como coordinador dun grupo das modalidades A ou B non poderá liderar nin formar parte do equipo dun Proxecto de excelencia da modalidade C.</i> <i>O persoal investigador que forme parte da composición dun grupo das modalidades A ou B, sen figurar como coordinador do grupo poderá, ademais, liderar ou formar parte do equipo dun único proxecto de excelencia da modalidade C.</i> • No artigo 4.1 Certificado de ingresos, inclúese os que se produzan na <i>Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia (Citmaga)</i>. • No artigo 5. Conceptos subvencionables, o apartado 4 Material Bibliográfico engade que: <i>Limitase a 3 unidades a compra de libros dun mesmo exemplar. Limitanse a 25 exemplares tanto as encadernacións de teses como a publicación das actas de congresos</i> • No artigo 5. Conceptos subvencionables, o apartado 9 Organización actividades transferencia, divulgación e difusión, engade que: <i>Queda excluído o gasto dun membro do grupo por impartir formación a outros membros do mesmo grupo. Queda excluído o gasto dos membros do grupo pola presentación de relatorios en congresos organizados polo grupo</i> • Data de inicio da realización de gastos da primeira anualidade 1 de xaneiro de 2025. • No Anexo I Modalidade A (GRC) no apartado 2.a, indica que <i>“o grupo de investigación deberá estar integrado, durante toda a vixencia da axuda, polo menos por cinco (5) investigadores/as e, no caso das universidades do SUG, deberá constar inscrito como tal nos rexistros da súa entidade antes do 30 de xuño de 2024. Cando se produza calquera variación que afecte á composición mínima do grupo, ou á persoa que exerce a función de coordinador/a, deberá ser notificada no prazo máximo dun mes”.</i> <u>CALQUERA MODIFICACIÓN QUE SE QUERA FACER NA COMPOSICIÓN DOS GRUPOS TEN QUE SER ANTERIOR Á DATA DE PUBLICACIÓN DESTA CONVOCATORIA</u> No apartado b.1 Proxectos competitivos indica que <i>“Para estes efectos, computarase como proxecto activo aquel que teña ingresos no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 31 de decembro de 2024”</i> No apartado c.1 Artigos indica que <i>“No caso dos grupos das ramas de coñecemento de Artes e Humanidades e Ciencias Sociais e Xurídicas, consideraranse artigos en publicacións Dialnet, CIRC, ERIH+, Latindex e JCR”.</i> No apartado 3 Contía e duración, indica que o importe do Módulo estrutural anual composto dun fixo dunha contía máxima de 55.000 € (na convocatoria pasada era de 25.000 máis un variable de 25.000 segundo os ingresos anuais). No apartado 4 Documentación complementaria, no punto 3 engade que no certificado de composición do grupo <i>“faranse constar, de xeito específico, os membros do grupo que</i>

pertencen a centros de investigación con acreditación de excelencia, centros colaborativos, campus de especialización acreditados e, subsidiariamente, a campus periférico"

Engádesse un novo apartado que di: "De ser o caso, e para os grupos das universidades públicas do SUG, certificado conforme o establecido no anexo IV, letra E, para o cómputo da puntuación outorgada pola participación nun grupo de persoal investigador que figure adscrito a un centro de investigación do SUG con acreditación de excelencia ou a un centro de investigación do SUG co recoñecemento de centro colaborativo" sendo o establecido na letra E do anexo IV o seguinte:

"No caso das universidades públicas do SUG, participación no equipo de investigadores/as adscritos aos centros de investigación do SUG con acreditación de excelencia (ata un total de 5 puntos) e aos centros de investigación colaborativos (ata un total de 2 puntos) previa presentación dun certificado de compromiso de poñer á disposición do centro o equipamento adquirido con cargo a esta axuda durante un tempo mínimo de 10 horas semanais."

"No caso das universidades públicas do SUG, participación no equipo de investigadores/as adscritos aos campus de especialización acreditados (Campus Industrial de Ferrol, Campus Terra de Lugo e Campus Auga de Ourense) e, subsidiariamente, nos campus periféricos de Ferrol, Lugo, Pontevedra e Ourense. Ata un total de 5 puntos."

Este anexo se engade o seguinte parágrafo: "Aqueles grupos das universidades públicas do SUG que gozaron da axuda de grupos de referencia competitiva nas convocatorias dos anos 2013 e 2017 e nas avaliacións finais de ambas foron cualificados cun A: «O grupo desenvolveu a estratexia proposta e acadou os obxectivos de consolidación previstos» polos dous membros avaliadores accederán directamente ás axudas establecidas nesta convocatoria para a modalidade A, grupos de referencia competitiva, sen necesidade de avaliación previa da memoria presentada, quedando suxeitos igualmente á avaliación final ao remate do período da axuda"

No apartado 5 Control: elimínase a avaliación intermedia

- **No Anexo II Modalidade B (GPC) no apartado 2.a Requisitos,** indica que "o grupo de investigación deberá estar integrado, durante toda a vixencia da axuda, polo menos por tres (3) investigadores/as e, no caso das universidades do SUG, deberá constar inscrito como tal nos rexistros da súa entidade antes do 30 de xuño de 2024.

CALQUERA MODIFICACIÓN QUE SE QUERA FACER NA COMPOSICIÓN DOS GRUPOS TEN QUE SER ANTERIOR Á DATA DE PUBLICACIÓN DESTA CONVOCATORIA

No apartado b.2 Proxectos competitivos indica que "Para estes efectos, computarase como proxecto activo aquel que teña ingresos no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 31 de decembro de 2024"

No apartado b.4 Artigos indica que "No caso dos grupos das ramas de coñecemento de Artes e Humanidades e Ciencias Sociais e Xurídicas, consideraranse artigos en publicacións Dialnet, CIRC, ERIH+, Latindex e JCR."

No apartado 3 Contía e duración, indica que o importe do Módulo estrutural anual composto dun fixo dunha contía máxima de 31.500 €

No apartado 4 Documentación complementaria, no punto 3 engade que no certificado de composición do grupo "faranse constar, de xeito específico, os membros do grupo que pertencen a centros de investigación con acreditación de excelencia, centros colaborativos, campus de especialización acreditados e, subsidiariamente, a campus periférico"

Engádesse un novo apartado que di: "De ser o caso, e para os grupos das universidades públicas do SUG, certificado conforme o establecido no anexo IV, letra E, para o cómputo da puntuación outorgada pola participación nun grupo de persoal investigador que figure adscrito a un centro de investigación do SUG con acreditación de excelencia ou a un centro de investigación do SUG co recoñecemento de centro colaborativo" sendo o establecido na letra E do anexo IV o seguinte:

"No caso das universidades públicas do SUG, participación no equipo de investigadores/as adscritos aos centros de investigación do SUG con acreditación de excelencia (ata un total de 5 puntos) e aos centros de investigación colaborativos (ata un total de 2 puntos) previa presentación dun certificado de compromiso de poñer á disposición do centro o equipamento adquirido con cargo a esta axuda durante un tempo mínimo de 10 horas semanais."

"No caso das universidades públicas do SUG, participación no equipo de investigadores/as adscritos aos campus de especialización acreditados (Campus Industrial de Ferrol, Campus Terra de Lugo e Campus Auga de Ourense) e, subsidiariamente, nos campus periféricos de Ferrol, Lugo, Pontevedra e Ourense. Ata un total de 5 puntos."

No apartado 5 Control: elimínase a avaliación intermedia

	- No Anexo III Modalidade C (Excelencia) no apartado 2.Requisitos, indica que na <u>liña de reforzo de traxectorias emerxentes</u> inclúe como solicitantes ao persoal investigador modalidade <u>Beatriz Galindo</u> “<i>Para as solicitudes das universidades públicas do SUG: persoal investigador adscrito aos programas Ramón y Cajal ou Beatriz Galindo da modalidade Sénior que contén coa axuda activa e que tomasen posesión efectiva da súa praza nesa categoría nalgunha das universidades públicas do SUG antes da publicación da convocatoria. Na última anualidade da axuda dos programas indicados a persoa investigadora que lidera o proxecto deberá manter a súa vinculación laboral durante un mínimo de catro (4) meses nese ano.</i>” - Cabe destacar o especial incremento na dotación das axudas para a modalidade A , modalidade B, o importe para a modalidade C (traxectoria emerxente) mantense en relación á convocatoria do ano 2024 e a diminución da modalidade C (traxectoria consolidada)	
Beneficiarios	Modalidade A: Grupos de referencia competitiva (GRC). Axudas para a consolidación de grupos de investigación que pola súa produción científica e a súa actividade de I+D constitúan unha referencia no Sistema galego de I+D+i. Modalidade B: Grupos con potencial de crecemento (GPC). Axudas para a consolidación de grupos de investigación que pola súa produción científica e a súa actividade de I+D amosan potencial de crecemento ata converterse en grupos de referencia do sistema de I+D+i galego. Modalidade C: Proxectos de excelencia. Axudas para a realización de proxectos de investigación a investigadores ou investigadoras individuais que, contando cunha traxectoria excelente consolidada ou en formación, teñen que afianzar unha liña de traballo baseada en proxectos de alto impacto.	
Tipo e intensidade das axudas	Convocatoria 2024	Convocatoria 2025
	- Orzamento total: 21.085.000 € - Total universidades do SUG 17.525.000 €. - Modalidade A.- GRC – 10.080.000 € - Modalidade B.- GPC – 4.500.000 € - Modalidade C.- Excelencia: - Liña traxectoria consolidada 400.000 € - Liña traxectoria emerxente 2.300.000 €	- Orzamento total: 29.120.000 € - Total universidades do SUG 25.639.000 €. - Modalidade A.- GRC – 18.600.000 € - Modalidade B.- GPC – 4.539.000 € - Modalidade C.- Excelencia: - Liña traxectoria consolidada 200.000 € - Liña traxectoria emerxente 2.300.000 €
Importe das axudas	Modalidade A (GRC): O importe global da axuda distribuirase nun máximo de catro anualidades e virá determinado por un módulo estrutural anual composto dun fixo dunha contía máxima de 55.000 €, e un módulo variable anual, dun máximo de 50.000 € (20.000, 30.000, 50.000 €), acumulable o anterior, en función dos ingresos anuais medios do grupo no período comprendido desde o 1 de xaneiro de 2022 ao 31 de decembro de 2024. Modalidade B (GPC): As axudas serán de aplicación por un período de 3 anualidades, e virá determinado por un módulo estrutural anual composto dun fixo dunha contía máxima de 31.500 €, e un módulo variable anual, dunha contía de ata 10.000 € cada anualidade, para aqueles grupos que xa gozaran dunha axuda nesta modalidade desde a convocatoria do 2016 e que non estea activa neste momento e que cumpran determinados requisitos, no período comprendido desde o 1 de xaneiro de 2022 ao 31 de decembro de 2024, establecidos na Orde. Modalidade C: <u>Proxectos de excelencia – Liña de traxectoria investigadora consolidada.</u> No caso dos proxectos que se acollan á liña de traxectoria investigadora consolidada, as axudas serán de aplicación por un período de ata 4 anualidades, mediante o pagamento anual á institución á que pertenza a persoa que lidere o proxecto dunha contía máxima anual de 50.000 €. <u>Proxectos de excelencia – Liña de traxectoria investigadora emerxente</u> No caso dos proxectos que se acollan á liña de traxectoria investigadora emerxente, as axudas serán de aplicación por un período máximo de ata 5 anualidades, mediante o pagamento anual á institución á que pertenza a persoa que lidere o proxecto dunha contía máxima anual de 15.000 € para o ano 2025 e de 25.000 € para os anos 2026, 2027, 2028 e 2029.	
Procedemento e Prazos de	30 xaneiro (ata as 14:00 h.)	Presentación da declaración de interese . Unha vez feita, a OIT remitiralles a estes grupos o Certificado de <u>composición do grupo</u> , o Certificado de <u>ingresos de I+D competitivos</u> e os datos relativos ao persoal contratado a través da aplicación Xestión de Axudas e Convocatorias da USC (XACUS) . Acceso ao Formulario de declaración de interese

Presentación Internos Os prazos que a continuación se establecen son máximos. Tendo en conta a súa brevidade, solicítase aos grupos de investigación/investigadores que envíen a documentación, á Oficina de Investigación e Tecnoloxía, e fagan a solicitude na Sede Electrónica da Xunta de Galicia á maior brevidade posible, sen esperar ás datas finais establecidas. Lembrede que co fin de poder garantir a presentación de todas as solicitudes na data de finalización do prazo establecido pola Xunta de Galicia é necesario que toda a documentación necesaria para a presentación da mesma esté subida na Sede Electrónica e o borrador compartido coa USC da data límite que se sinala. A partir desta data a USC non poderá garantir a presentación das solicitudes en prazo.	07 febreiro (ata as 14:00 h.)	Todos os grupos de investigación cumprimentarán e achegarán á aplicación de <i>Xestión de Axudas e Convocatorias da USC (XACUS)</i> o documento acreditativo de requisitos. A OIT, unha vez revisado, e de ser o caso asinado, o devolverá aos grupos de investigación, para que o incorporen á súa solicitude na Sede Electrónica da Xunta de Galicia. Polo que respecta á memoria descriptiva da estratexia de investigación, estruturación e consolidación que vai seguir o grupo, deberá ser cumprimentada e <u>asinada de xeito electrónico</u> polo coordinador do grupo, non sendo necesario enviala á OIT, pois serán os grupos de investigación/investigadores os que terán que anexala na Sede electrónica da Xunta de Galicia Titorial da Declaración de interese e Intercambio de documentos
	16 febreiro (ata as 14:00 h.)	Antes desta data, os grupos de investigación/investigadores deberán, na Sede electrónica da Xunta de Galicia: Cumprimentar a solicitude, Anexar a documentación correspondente e Compartir Borrador da solicitude coa USC. Unha vez compartido, enviarán a recursoshumanos.consolidacion@usc.es, un correo electrónico avisando que o borrador xa foi compartido. Proceso de presentación de solicitudes e instrución para realiza a mesmas na SEDE da Xunta de Galicia

Información sobre aconvocatoria	USC: recursoshumanos.consolidacion@usc.es USC: para todas as cuestións sobre esta convocatoria tamén temos aberto unha canle de Yammer na que iremos contestando ás vosas consulta e achegando nova documentación sobre a convocatoria. Para darse de alta, hai que enviar un correo electrónico a recursoshumanos.consolidacion@usc.gal para solicitar darse de alta. Telefono USC: 8818 16265 - 8818 16216 Xunta de Galicia: dxpct-xestion@edu.xunta.gal Teléfono Xunta: 881995156
---	--

FORMULARIOS :

Declaración interese USC	Acceso declaración online
Solicitud Sede Xunta	Acceso á sede electrónica da Xunta
Modelo de certificado Grupos Potencial Crecemento	Modelo certificado universidade GPC
Modelo de certificado Grupos Referencia Competitiva	Modelo certificado universidade GRC
Modelo de certificado proxectos excelencia	Modelo certificado universidade excelencia
Modelo memoria solicitude GPC	Modelo memoria GPC
Modelo memoria solicitude GRC	Modelo memoria GRC
Modelo memoria solicitude de proxectos de excelencia	Modelo certificado universidade excelencia

É imprescindible encher e enviar o formulario online de **declaración de interese** para que a universidade presente a solicitude no seu nome

Titorial para encher a solicitude na Sede da Xunta

Son os grupos de investigación os que deben cumprimentar a solicitude e subir a documentación á Sede Electrónica da Xunta deGalicia para o que deben seguir os seguintes pasos:

[ENLACE AO TITORIAL DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDE SEDE XUNTA](#)

Tutorial para o intercambio de documentación a través da aplicación de Xestión de Axudas e Convocatorias USC (XACUS)

O proceso de intercambio de documentación (certificados) entre os grupos de investigación e a Oficina de Investigación e Tecnoloxía realizarase a través da aplicación de Xestión de Axudas e Convocatorias da USC, para o que deben seguir os seguintes pasos:

[ENLACE AO TUTORIAL O INTERCAMBIO DE DOCUMENTACIÓN - XACUS](#)